

PONTE CALDELAS

Anuncio de aprobación definitiva: Regulamento do servizo de xestión de residuos sólidos urbanos do concello de Ponte Caldelas.

Non presentándose reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial aprobatorio do Regulamento de Servizo de Xestión de Residuos Sólidos urbanos do Concello de Ponte Caldelas, cuio texto íntegro faise público, para xeral coñecemento, en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

PROXECTO REGULAMENTO DO SERVIZO DE XESTIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

TÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

1.—OBXECTO DESTA REGULAMENTO

Este Regulamento ten por obxecto establecer as condicións de prestacións do Servizo de xestión de residuos sólidos urbanos no termo municipal do Concello de Ponte Caldelas.

2.—TITULARIDADE DO SERVIZO E FORMA DE XESTIÓN

O Servizo público de xestión de residuos sólidos urbanos é de titularidade municipal, sen prexuízo da forma de xestión que se aprobe polo Concello.

Dito servizo será de recepción obrigatoria para todas as vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

O Concello de Ponte Caldelas poderá prestar o servizo de recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos e o seu transporte á planta de transferencia, mediante calquera das formas previstas en dereito; poderá estrutura-lo Servizo e dará publicidade da súa organización, sexa cal sexa a forma de prestación elixida, directa ou indirecta, de acordo có establecido na Lexislación Local.

Dará credenciais ás persoas a el adscritas, para coñecemento e garantía de todos/as usuarios/as.

3.—DEFINICIÓN

Xestión de residuos:

A xestión de residuos pode definirse como o conxunto de actividades encamiñadas á prevención da produción, e a dar ós mesmos un destino máis axeitado de acordo coas súas características, co fin de protexer a saúde humana, os recursos naturais e o medio ambiente.

A xestión de residuos comprende:

- As operacións de prerrecollida, recollida selectiva, almacenamento, transporte, tratamento e eliminación.
- As operacións de transformación precisas para a súa reutilización, a súa recuperación ou a súa reciclaxe.

A estes efectos, enténdese por:

Residuo:

Calquera substancia ou obxecto do que se desprenda o seu posuidor/a ou teña a obriga de desprenderse en virtude das disposicións en vigor, comprendendo os domiciliarios, os comerciais, de oficinas e de servizos, os sanitarios, animais mortos, mobles, enseres domésticos e vehículos, os industriais, os agrícolas ou procedentes de traballos propios de xardinería, os de construción e de obras menores de reparación doméstica.

Prevenición:

Conxunto de medidas destinadas a evitar a xeración de residuos ou a conseguir a súa redución, ou da cantidade de substancias perigosas ou contaminantes presentes neles.

Recollida selectiva:

Sistema de recollida baseado no uso de diferentes contedores para o depósito de compoñentes específicos dos residuos, clasificados pola súa natureza e composición. O sistema basearase en contedores nos que se deposite un so tipo de residuos, tal como vidro, papel, materia orgánica, etc., ou máis dun, como envases lixeiros (plásticos, metálicos, tetrabrick). Estes contedores están situados nas rúas do Concello ou en instalacións especiais denominadas Parques de Reciclaxe ou Puntos Limpos (instalacións nas que se reciben, previamente seleccionados, certos tipos de residuos domésticos).

Aproveitamento:

Todo proceso industrial que teña por obxecto a recuperación ou transformación dos recursos contidos nos residuos, mediante a súa reciclaxe ou a reutilización para o mesmo ou diferente uso.

Tratamento:

Conxunto de operacións encamiñadas ao aproveitamento dos recursos contidos nos residuos, e á eliminación das fraccións residuais non válidas para a súa reutilización ou reciclaxe.

Eliminación:

Todos aqueles procedementos dirixidos, ben ao almacenamento ou vertido controlado dos residuos, ou ben á súa destrución, total ou parcial, mediante sistemas non dañinos para o medio ambiente.

4.—CLASIFICACIÓN DE RESIDUOS

1.—Aos efectos previstos neste Regulamento están comprendidos no concepto de residuos sólidos urbanos, de conformidade con canto se dispón no art. 4 da Lei 10/1997, do 22 de agosto, de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia, os seguintes:

- a) Os residuos de orixe doméstico.
- b) Os residuos xerados en comercios, oficinas, e servizos.
- c) Os residuos procedentes da limpeza das vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias.
- d) Os residuos procedentes de lonxas, mercados, feiras, festexos, peregrinacións, excursións, acampadas ou actos similares.
- e) Os mobles, aparellos e electrodomésticos desbotados.
- f) En xeral, todos aqueles residuos dos que a súa recollida, transporte, almacenamento, tratamento, ou depósito controlado correspondo ós municipios de acordo co establecido expresamente na Lei de bases de réxime local e demais disposicións vixentes.

2.—Quedan excluídos do ámbito deste Regulamento, nos termos que no mesmo se establecen, os seguintes residuos:

1. Perigosos: son aqueles que figuran na lista de residuos perigosos, aprobada no Real Decreto 952/1997, así como os recipientes e envases que os contivesen; os que foran cualificados como perigosos pola normativa comunitaria, e os que poida aproba-lo Estado de conformidade co establecido na normativa europea ou en convenios internacionais.
2. Radioactivos.
3. Os residuos específicos de procesos industriais.
4. Os residuos resultantes da prospección, extracción, tratamento e almacenamento de recursos minerais e da explotación de canteiras.
5. As materias fecais e outras sustancias naturais non perigosas das explotacións agrícolas e gandeiras que se utilicen exclusivamente no marco da explotación agraria.
6. Os residuos xerados pola actividade especificamente sanitaria en hospitais, clínicas e ambulatorios.
7. Os efluentes líquidos vertidos ás augas continentais e ó mar.
8. Os efluentes gaseosos vertidos a atmósfera.
9. Calquera outra clase de material que se goberne por disposicións especiais.

5.—ACTIVIDADE DO CONCELLO NA MATERIA

1. O Concello, a través da fórmula de xestión que se determine, prestará o servizo público de xestión de residuos sólidos urbanos nos termos previstos neste Regulamento, con arranxo aos esquemas organizativos e técnicos que en cada momento estime oportunos.
2. Sen prexuízo desta actividade de prestación, e en apoio da mesma, exercerá de policía para dirixir, previr e, no seu caso, sancionar as conductas e accións que afecten ó servizo de que se trata.
3. Dentro da actividade de fomento, promoverá e favorecerá, entre outras, as conductas e accións cidadás que coaduxen á mellor prestación do servizo, puidendo establecer vantaxes honoríficas, xurídicas e económicas reais ou financeiras, directas ou indirectas.
4. A prestación do servizo de de xestión de RSU, comprende as actividades de prerrecollida, recollida e transporte de lixo, e en xeral, dos residuos sólidos urbanos, e o seu tratamento.
5. Exclúense deste servizo obrigatorio, na forma establecida na lexislación vixente e, en concreto, neste Regulamento, os residuos de tipo industrial, de construción, sanitarios, contaminados, corrosivos, tóxicos, perigosos, e todos aqueles para os que na súa xestión se esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

6.—OPERACIÓNS A REALIZAR COS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

A prestación do servizo comprende as seguintes operacións:

1. Traslado das diferentes fraccións dos residuos e baleirado dos mesmos nos vehículos de recollida.
2. Devolución, se procede, dos elementos de contención, unha vez baleirados, ós puntos orixinarios.
3. Retirada dos restos vertidos na vía pública como consecuencia destas operacións, ou que previamente estiveran depositados nos arredores dos contadores.
4. Transporte e descarga das diferentes fraccións dos residuos ás instalacións de tratamento.
5. Tratamento dos residuos nas instalacións propias ou convidadas que en cada momento determine o Concello.

7.—OBRIGAS DA ENTIDADE PRESTADORA DO SERVIZO

A Entidade estará suxeita ó cumprimento das seguintes obrigas:

- a) Prestar o servizo a todos/as usuario/as nos termos establecidos no presente Regulamento e ás prescricións contidas na normativa vixente.
- b) Manter as condicións sanitarias das instalacións de acordo coa normativa vixente aplicable.
- c) Manter a regularidade do servizo.
- d) Atender correctamente calquera consulta formulada polos/as usuarioa/as, debendo contestar por escrito ás presentadas de igual forma.

8.—OBRIGAS DOS/AS USUARIOS/AS

- a) Satisfacer puntualmente o importe do servizo de acordo co previsto neste Regulamento, e coa tarifas e taxas vixentes.
- b) Usar o servizo na forma e usos establecidos.
- c) Respetar os contenedores colocados pola concesionaria ou polos organismos competentes da Administración.
- d) Comunicar ao Concello calquera modificación na domiciliación do recibo.

9.—DEREITOS DOS/AS USUARIOS/AS

- a) Que o servizo se preste coas garantías establecidas na normativa de aplicación.
- b) Solicitar á Entidade prestadora do servizo as aclaracións, informacións e asesoramento necesarios sobre o Servizo.
- c) Que se lle facturen os servizos conforme ás tarifas vixentes e periodicidade legalmente establecida.
- d) Formular as reclamacións administrativas de acordo co procedemento establecido neste Regulamento.

10.—RÉXIME DE PROPIEDAD DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

Unha vez depositados os RSU dentro dos colectores ou recipientes establecidos ao efecto, adquirirán o carácter de propiedade do Concello.

Prohíbese seleccionar e retirar para o seu aproveitamento calquera clase de material residual depositado nos colectores situados na vía pública, agás con licenza expresa da Administración Local.

Ningunha persoa física ou xurídica poderá dedicar á recollida e aproveitamento dos residuos, a excepción do que se dispón neste Regulamento.

TÍTULO II

RETIRADA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

11.—EIDO SUBXECTIVO

Este título comprende as normas que deben ser cumpridas polos produtores dos refugallos e residuos sólidos urbanos, con referencia á presentación e entrega dos residuos para a súa recollida e transporte.

CAPÍTULO 1º: NORMAS XERAIS

12.—ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

A recollida de residuos sólidos será establecida polo servizo municipal competente coa frecuencia e horario que se consideren oportunos, dando a publicidade necesaria para coñecemento dos veciños.

13.—PROPIEDAD DOS RESIDUOS

Os residuos pasan a ser propiedade do Concello desde o momento en que se produce a súa entrega nas condicións sinaladas na presente Ordenanza e demais disposicións legais de aplicación.

14.—CARÁCTER EXCLUSIVO DE XESTOR DOS RESIDUOS

De conformidade co sinalado no art. 20.1 da Lei 10/1998, ningunha persoa, física ou xurídica, poderá dedicarse á recollida, transporte e aproveitamento dos residuos sólidos, calquera que sexa a súa natureza, sen a previa concesión ou autorización municipal.

CAPÍTULO 2º: RESIDUOS DOMICILIARIOS

15.—RESIDUOS DOMICILIARIOS

Enténdense por residuos domiciliarios os que proceden da normal actividade doméstica, así como os producidos en establecementos comerciais que, pola súa natureza e volume, son asimilables aos anteriores.

16.—ALCANCE OBXECTIVO DO SERVIZO

O servizo de recollida de lixo domiciliar afectará aos seguintes residuos urbanos:

- Os refugallos da alimentación e do consumo doméstico producidos polos cidadáns nas súas vivendas.
- As cinzas da calefacción doméstica individual.
- Os residuos procedentes do varrido das beirarrúas efectuadas polos cidadáns.
- Os residuos asimilables aos traballos domésticos, como son:

- Os envoltorios, envases, embalaxes e outros residuos sólidos producidos en locais comerciais.
- Os materiais residuais producidos por actividades de servizos, comerciais e industriais, de características similares aos refugалlos domiciliarios.
- Os residuos producidos polo consumo de bares, restaurantes e demais establecementos que expidan produtos alimentarios cociñados, ou nos que se realicen consumicións de calquera clase. Así mesmo, os producidos en supermercados, autoservizos e establecementos similares.
- Os residuos de consumo en xeral producidos en residencias, hoteis, colexios e outros establecementos públicos ou abertos ao público.
- Os residuos orixinados pola actividade dos mercados municipais.

17.—RESIDUOS EXCLUIDOS. PROHIBICIÓN

Os seguintes residuos non se incluírán, en ningún caso, na recollida domiciliaria:

- Os materiais de refugallo, cinzas e escouras producidas en fábricas, talleres, almacéns, así coma os producidos en instalacións de tratamentos de residuos.
- Os neumáticos.
- Os procedentes de explotacións agrícolas e gandeiras.
- En xeral, aqueles outros que polas condicións da súa presentación, volume, peso, cantidade de libramento diario, contido de humidade, no poidan ser obxecto de recollida domiciliaria, segundo os Servizos Técnicos do Concello.
- Residuos clínicos contaminados.
- Animais mortos.
- Terras, entullo e cascotes.

18.—Forma de efectuar a recollida.

A prestación do servizo de recollida de lixo domiciliario comprenderá as seguintes operacións:

- Traslado do lixo dende os colectores ata os vehículos de recollida.
- Vaciado do lixo nos elementos de carga dos vehículos.
- Devolución dos colectores, unha vez baleirados, ó seu punto de ubicación habitual.
- Limpeza do lixo vertido na vía pública a consecuencia destas operacións.
- Transporte e descarga do lixo ao Vertedoiro e/ou centros de tratamento da Comunidade Autónoma.

19.—COLECTORES

O Concello establecerá a recollida domiciliaria mediante o sistema de colectores, que os usuarios quedan obrigados a utilizar debidamente.

Os colectores cumprirán as normas técnicas aprobadas polo Concello, ben directamente, ben nos termos fixados pola Comunidade Autónoma. As mesmas normas cumprirán os colectores privados que poidan ser autorizados polo Concello en determinadas actividades.

O número e tipo de colectores, a súa ubicación, número de unidades a emplear en cada edificio ou local comercial ou industrial, será fixado polos servizos municipais, á vista das necesidades do servizo existentes en cada caso.

O Concello procederá periódicamente á renovación dos colectores, e poderá imputar o cargo correspondente se o colector quedou inutilizado por unha deficiente utilización do usuario, sempre que tal extremo quedase suficientemente demostrado.

O Concello é responsable das condicións de limpeza dos colectores públicos.

O Concello poderá esixir a colocación de colectores privados a establecementos comerciais de certa entidade, de restauración, hostalería, bares ou similares, que xeneren unha cantidade de lixo ou residuos superior á habitual. A estes efectos, considerárase que a xeración de residuos é superior á habitual cando, en atención ás dimensións e capacidades do local, este produza un maior número ou cantidade de residuos ca un edificio de vivendas de iguais dimensións. Neste caso a limpeza, mantemento e reposición dos colectores extras será obriga do propio establecemento, e para o caso de incumprimento, asumírase polo Concello subsidiariamente e á súa costa.

O horario de utilización dos colectores polos particulares para depositar os residuos fixarase polo Concello en cada caso, atendendo ás circunstancias concorrentes.

20.—RECOLLIDA SELECTIVA

O Concello porá a disposición dos produtores de residuos un sistema de recollida selectiva de residuos, para cumprir cos obxectivos de reutilización, reciclado e outras formas de valorización dos residuos, coa finalidade de protexer a saúde das persoas e o medio ambiente.

A implantación da recollida selectiva, coa previsión do correspondente sistema e dotación de medios materiais, esixirá que os usuarios depositen los residuos en recipientes diferenciados, con arranxo ao disposto na capítulo seguinte. Este sistema será o que se determine en aplicación das normas, plans e convenios que poida dictar o subscribir a Comunidade de Galiza, modificándose en cada caso segundo o sinalado por esta.

21.—*OBRIGAS DOS USUARIOS*

O usuario terá, con carácter xeral, as seguintes obrigas:

— Utilizar os colectores de lixo con arreglo ó tipo de residuos de que se trate. Para isto se distinguirán os seguintes:

- a) Colectores de residuos non reciclabeis (residuos alimenticios, desperdicios, limpeza do fogar, etc.). Son de metal ou de plástico verde na súa totalidade ou soamente na tapa superior. Preséntanse en distintas capacidades.
- b) Colectores para envases lixeiros reciclabeis, (bricks, plásticos, latas de metal, etc.). Son de plástico e de color completamente amarela.
- c) Colectores de papel/cartón. Son de plástico ou metal e de cor azul.
- d) Colectores de vidro. Denominados “iglús” pola súa forma cilíndrica. Diferencian o vidro verde e o branco.
- e) Colectores de pilas. Son de cor vermella.

— Os usuarios están obrigados a depositar cada tipo de residuos no seu respectivo colector. Non obstante, para o caso de inexistencia no mesmo punto de recollida de colectores específicos para cada tipo de residuo, poderanse depositar aqueles que non dispoñan de colectores propios nos de residuos non reciclabeis. Finalmente prohibese o depósito dos residuos no chan xunto ós colector, ou nos seus arredores, excepto para o suposto en que o a capacidade dos mesmos se atope superada.

— Os residuos de carácter orgánico non reciclábel depositaranse nos colectores verdes do tipo A), en bolsas perfectamente atadas na súa boca, de modo que non poidan producirse vertidos ou derramamentos. As bolsas de plástico serán substituídas por outras de material biodegradable cando a realidade tecnolóxica e económica o permita.

— Os residuos reciclables definidos como envases lixeiros, depositaranse nos colectores amarelos do tipo B), dispoñendo as embalaxes de maneira que ocupen o menor espazo posible dentro do colector. Os restantes residuos depositaranse nos colectores respectivos.

— Os cidadáns quedan obrigados a facilitar las tarefas de recollida dos residuos e a non alterar a ubicación dos colectores.

— O uso dos colectores queda suxeito ás seguintes normas:

- Cada usuario utilizará exclusivamente o colector asignado á súa comunidade de veciños ou ó seu establecemento.
- Só se verteran como residuos sólidos urbanos os especificados no artigo 16 do presente Regulamento, polo que quedan excluídos os vertidos líquidos, os cascotes, enseres, moles, animais mortos e residuos perigosos.

- Non se depositará ningún material en combustión nin fácilmente inflamable, nin se fará lume nas proximidades.
- Os residuos depositaranse nos colectores en bolsas de plástico herméticamente cerradas. Prohíbese botar nelas lixo a granel.
- Os usuarios prepararán as bolsas de lixo de tal maneira que se utilice ó máximo a capacidade dos colectores, troceando o aplastando os residuos voluminosos antes de depositalos nas bolsas ou no colector.
- Unha vez depositada a bolsa no colector, o usuario está obrigado a cerrar a tapa superior, para evitar que se propaguen os olores que poidan provir do seu interior.
- Os usuarios absteranse de cambiar de lugar os colectores. Calquera alteración da ubicación habitual deberá ser solicitada aos servizos municipais quen, unha vez examinadas as razóns aducidas polos solicitantes, acordará o mantemento ou o cambio na ubicación.
- Depositaranse os residuos nos colectores no horario fixado polos servizos municipais.

22. *RESIDUOS OCASIONAIS*

Se unha entidade pública ou privada tivera que desprenderse, por calquera causa e de maneira ocasional, de residuos sólidos en cantidades maiores ás que constitúen a produción diaria normal, deberá solicitar permiso para, cos seus propios medios, trasladalos aos puntos de transformación ou eliminación que lle indique o servizo municipal correspondente, ou ben poderá solicitar ao Concello a súa retirada. Nambos casos o Concello repercutirá ó usuario os gastos ocasionados pola eliminación ou transformación dos residuos e no segundo, polo transporte.

23. *RESIDUOS DE PESCADERÍAS*

Os residuos producidos nas pescaderías deberán introducirse en bolsas herméticamente cerradas, e todas elas, á súa vez, nunha bolsa grande que deberá colocar o usuario unicamente no colector que ten asignado.

CAPÍTULO 2º. RESIDUOS URBANOS ESPECIAIS*Sección primeira: Residuos de construcción, terras e entullos*24.—*RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN, TERRAS E ENTULLOS*

Inclúense dentro desta sección os residuos procedentes de:

- Obras públicas e privadas.

- Obras de construción, reforma, rehabilitación, demolición e similares, en edificios públicos e privados.
- Obras menores de calquera índole.

Aos efectos previstos neste Regulamento, a xestión deste tipo de residuos non é de prestación obrigatoria municipal, de xeito que corresponde aos promotores e responsables da obra.

Queda prohibido almacenar na vía pública, fora dos límites do valado protector das obras, material de construción, area, tixolos, cemento, etcétera.

Os residuos e materiais sinalados só poderán almacenarse na vía pública, utilizando para isto colectores adecuados. A colocación de colectores requirirá autorización municipal.

Os colectores deben estar dotados dos dispositivos adecuados que permitan mantelos cubertos cando non sexan utilizados, para preservar o ornato urbano e evitar que outras persoas boten naqueles o lixo domiciliarias ou trastes inútiles.

Cando os colectores encóntranse cheos de entullos procederáse no prazo non superior a vinte e catro horas, a súa retirada ou substitución por outros vacíos. A estes efectos, os materiais depositados non poderán superar en ningún caso o plano delimitado polas aristas superiores do colector, estando prohibido o uso de suplementos ou engadidos para aumentar a capacidade do recipiente.

Sección segunda: Mobles e enseres e obxectos inútiles

25.—RECOLLIDA DE OBXECTOS E MOBLES

Existirá un sistema especial para a recollida de obxectos, trastes vellos, mobles, etcétera, que funcionará durante todo o ano, cunha periodicidade mínima dunha vez ao mes, exceptuándose desta recollida aqueles nos que se precise o emprego de guindastres ou poleas, e cando non estean preparados para o seu traslado.

As persoas que desexen desprenderse de tales elementos o solicitarano do servizo municipal competente, que fixará o día e a hora da retirada.

En todo caso, os/as interesados/as terán que levar estes residuos ata as proximidades do vehículo e no intre da súa chegada, quedando prohibido o seu abandono na vía pública.

Queda prohibido depositar nos espazos públicos mobles, enseres e obxectos inútiles para que sean retirados polos camión da recollida domiciliaria.

Sección terceira: Residuos clínicos

26.—CATEGORÍAS

A efectos desta Ordenanza, consideraranse residuos clínicos:

- Os procedentes de vendaxes, gasas, algodón, xeringuillas, resto de medicamentos ou os seus envases, tubos de ensaio, etcétera.
- Os asimilables a residuos domiciliarios, tales como restos de comida, lixos procedentes da limpeza e embalaxes.
- En xeral, todo residuo que se produza en clínicas, sanatorios, hospitais laboratorios e demais establecementos sanitarios de carácter análogo.

27.—EXCLUSIÓNS

De conformidade co disposto na Lei 10/1998, e por remisión desta no RD 952/1997, o Concello tan só asumirá a obriga de recollida, transporte e tratamento ou eliminación dos residuos asimilables ós domiciliarios, ou urbanos en xeral, o resto cualificarase como residuos perigosos e serán obxecto do tratamento propio destes, segundo se expón no presente Regulamento.

Sección cuarta: Residuos industriais e perigosos

28.—VERTEDOIROES ESPECIAIS

Os produtores ou posuidores de residuos industriais especiais están obrigados á adopción de certas medidas sexan necesarias para asegurar que o transporte, tratamento, eliminación ou, no seu caso, aproveitamento dos mesmos se realice sen risco para as persoas. En consecuencia estes residuos deberán ser depositados en vertedoiros de seguridade, sendo os propietarios de tales residuos os únicos responsabeis dos danos ou prexuízos que os mesmos poidan ocasionar.

29.—ELIMINACIÓN

O Concello non asume, de conformidade co sinalado nos 3 e 20 da Lei 10/1998 de Residuos, e os arts 4 e 26 da Lei 10/1997 de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia, a recollida e transporte deste tipo de residuos, sendo obriga exclusiva dos seus produtores.

30.—RESIDUOS TÓXICOS OU PERIGOSOS

Cando os residuos industriais sexan potencialmente perigosos ou tóxicos, ou poidan resultar de tal condición polo transcurso do tempo, só poderán ser depositados en instalacións que aseguren a súa destrución ou inocuidade.

O transporte dos residuos sólidos industriais e refugallos poderá efectuarse polos propios produtores ou posuidores, ou por terceiras persoas que contén coa oportuna e específica licencia, mediante vehículos especialmente acondicionados para evitar todo dano e risco a persoas e bens.

Unha vez efectuado o vertido nas zonas especialmente habilitadas ó efecto, acreditarase documentalmente esta circunstancia ante o Concello.

Os produtores e xestores deste tipo de residuos deberán de contar coa preceptiva autorización do órgano ambiental competente da nosa Comunidade Autónoma.

TÍTULO III **TRATAMENTO DE RESIDUOS**

31. VERTEDOIRO

Os depósitos ou vertedoiros para a eliminación de residuos sólidos urbanos son de exclusiva competencia municipal, e en cuanto a súa situación, instalación, forma de vertido e funcionamento darase cumprimento a cuanto dispoñan as disposicións vixentes sobre esta materia.

Todo vertedoiro que non cumpra co establecido no punto anterior será considerado clandestino e inmediatamente clausurado, sen prexuízo das sancións previstas e das responsabilidades a que houber lugar.

As instalacións industriais para a eliminación ou aproveitamento dos residuos nas súas formas de compostaxe, reciclado, incineración, pirolise e pirofusión, etcétera, estarán ao que dispoñan as leis vixentes na materia, así coma o establecido pola Comunidade Autónoma.

TÍTULO IV **RÉXIME SANCIONADOR**

CAPÍTULO I: NORMAS XERAIS

32. DENUNCIA

Calquera persoa natural o xurídica poderá denunciar ante o Concello as infraccións que contrañan as prescricións deste Regulamento.

O escrito de denuncia deberá conter, xunto ós requisitos exigidos pola normativa xeral para as instancias administrativas, os datos precisos para facilitar ós servizos municipais a correspondente comprobación.

Nos casos de recoñecida urxencia poderá recorre de forma directa aos servizos municipais que teñan encomendada a atención destes supostos, os cales, previa comprobación inmediata, adoptarán as medidas de emerxencia necesarias.

O denunciante estará baixo a responsabilidade en que puidera incorrer cando actúe con temeridade ou mala fe, sendo do seu cargo os gastos que en tales supostos se orixinen.

A incoación do oportuno expediente, cando existan motivos fundados para isto á vista da denuncia, non suporá a consideración de interesado

no mesmo do denunciante, a non ser que amose esta condición ou solicite que se lle teña por tal.

33.—RESPONSABEIS

As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas sinaladas nesta Ordenanza serán esixibéis no só polos actos propios, senón tamén polos de aquelas persoas de quen se deba responder e polo proceder dos animais dos que fose propietario.

Cando se trate de obrigas colectivas, tales coma uso, conservación e limpeza de recipientes normalizados, limpeza de zonas comúns, etcétera, a responsabilidade será atribuída á respectiva comunidade de propietarios ou habitantes ou inmoible cando non estea constituída e, ó efecto, as denuncias formularanse contra a mesma, no seu caso, a persoa que ostente su representación.

CAPÍTULO II. INFRACCIÓNS

34.—DISPOSICIÓN XERAL

As infraccións previstas no presente Regulamento establécense sen prexuízo das contempladas na lexislación sectorial aplicable.

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves, conforme se establece nos artigos seguintes.

35.—INFRACCIÓNS LEVES

Consideraranse infraccións leves:

- Botar lixo ou refugallos na vía pública.
- Deixar na vía pública residuos procedentes da limpeza de escaparates, portas ou toldos de establecementos comerciais.
- En relación cos recipientes herméticos, cubos normalizados, colectores ou mobiliario adscrito á recollida de titularidade municipal, a falta de coidado dos mesmos, sempre e cando ocasionen danos ou deterioros non superiores a 300 €, colocalos na vía pública ou retiralos fora do tempo establecido, utilizar outros distintos ós autorizados, sacar lixo que os desborden e non colocalos ó paso do camión colector.
- O incumprimento activo ou pasivo, dos requirimentos, que en orde aá preservación da hixiene urbana se efectúen polo concello, sempre que pola súa entidade non esté calificado como falta grave ou moi grave.
- Leves descoidos ou omisións na prestación do servizo.

36. INFRACCIÓNS GRAVES

Consideraranse tales:

- a) A reincidencia en infraccións leves.

- b) Non retirar no prazo establecido os entullos ou cascotes procedentes de obras na vía pública, así como almacenar na mesma entullos ou materiais de construción, sen utilizar colectores, ou colocar estos con incumprimento do establecido nas Ordenanzas municipais.
- c) Usar indebidamente ou danar os recipientes herméticos, cubos normalizados, colectores ou mobiliario adscrito á recollida de titularidade municipal, sempre e cando ocasionen danos ou deterioros superiores a 300 €.
- d) Abandonar mobles ou enseres na vía ou espazos públicos.
- e) Abandonar cadáveres de animais ou a súa inhumación en terreos de dominio público.
- f) Verter lixo e entullosou cascotes en solares e terreos do termo municipal.
- g) O incumprimento do deber de xestión do residuos polos interesados, cando non sexa competencia do Concello a realización da mesma.
- h) A exhibición á autoridade ou aos seus axentes de documentación falsa relativa ao Servizo ou ocultamento dos datos obrigados a suministrar no exercicio da competencia municipalde inspección do servizo.

37. INFRACCIÓNS MOI GRAVES

Consideraranse tales:

- a) Reincidencia en faltas graves.
- b) Dedicarse á recollida, transporte ou aproveitamento de residuos sen a debida autorización ou entregalos a quen teña tal dedicación sen a anterior.
- c) Carecer do libro de rexistro de residuos industriais, así como o vertido incontrolado destes.
- d) Non retirar os colectores no prazo establecido.
- e) Non proporcionar información ó Concello sobre a orixe, cantidade e características dos residuos que podan producir trastorno no transporte ou tratamento, así coma proporcionar datos falsos ou impedir e obstruir o labor inspector nos supostos de residuos industriais.
- f) O incumprimento das normas respecto ós residuos perigosos e industriais, sen prexuízo das competencias doutras Administracións para os supostos de maior gravidade tipificados pola normativa sectorial.

CAPÍTULO III: SANCIONES

38. TIPIFICACIÓN

Sen prexuízo de esixir, cando proceda, as responsabilidades de carácter penal ou civil correspondentes, as infraccións ós preceptos do presente Regulamento, serán sancionadas na forma seguinte:

- Por faltas leves: Apercibimento ou Multa de 20 a 100 euros.
- Por faltas graves: Multa de 101 a 1.000 euros.
- Por faltas moi graves: Multa de 1.001 ata 2.000 euros.

Será considerado reincidente quien incorrera en infracción das mesmas materias nos doce meses anteriores.

39.—CIRCUNSTANCIAS MODIFICATIVAS

DA RESPONSABILIDADE ADMINISTRATIVA

Para graduar as multas atenderase primordialmente á gravidade da materia, á entidade económica dos feitos constitutivos de infracción, a súa reiteración por parte da persoa responsábel e ao grao grao de culpabilidade de cada un dos infractores.

TÍTULO V

RECLAMACIÓN E RECURSOS.

40.—RÉXIME DE RECURSOS

Contra calquera orde ou situación de feito que non teña a calificación de acto administrativo poderé reclamarse ante a Alcaldía.

Contra as multas ou resolución de calquera ógano do Concello sobre constitución, organización, modificación ou upresión do servizo, poderé recorrerse en vía administrativa ou ante a Xurisdicción contencioso-administrativa, de acordo coa legalidade vixente.

TÍTULO VI

SUPLETORIEDADE.

41.—NORMATIVA APLICABLE

No expresamente non sinalado neste Regulamento, será de aplicación o establecido na lexislación local relativa aos seus servizos, á que en todo caso se adaptará. Así mesmo deberá de terse en conta a normativa básica estatal e sectorial da Comunidade Autónoma de Galicia, e demais que sexa de aplicación, que se aplicará con carácter preferente ou supletorio segundo a súa natureza.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Pola Alcaldía ou Concellería delegada, de ser o caso, poderanse establecer instrucións internas que regulen calquera situación non contemplada

neste Regulamento, sempre que non constitúan unha modificación do mesmo e en desenvolvemento dos seus principios.

Calquera dúbida de interpretación que se derive da aplicación das presentes normas, será resolta pola Alcaldía, ou Concellería delegada de conformidade co eido da súa delegación, podendo instarse a emisión dos informes que procedan.

DISPOSICIÓN FINAL

Este Regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello e publicado íntegramente no B.O.P, sempre e cando transcurra o prazo sinalado polo art. 65.2 por remisión do 70.2 da Lei 7/1985.

Recursos: Contra o presente Acordo poderase interpoñer polos interesados recurso contencioso-administrativo, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, no el prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

En Ponte Caldelas, a 22 de setembro de 2006.—
O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños. **2006009152**

* * *

P O I O

A N U N C I O

Aprobado polo Pleno desta Corporación en sesión celebrada o 26 de setembro de 2006, o prego de cláusulas administrativas que rexerán no concurso con procedemento aberto, trámite ordinario, para a contratación das obras comprendidas no Programa de Acción Municipal, expónse ao público durante o prazo de oito días contados a partir ao da publicación deste anuncio no BOP para poder presentar alegacións.

Simultaneamente anúnciase o concurso, aprazándose a licitación se se producisen reclamacións ao prego.

ENTIDADE ADXUDICATARIA

Concello de Poio. Contratación (Secretaría).

OBXECTO DO CONTRATO

Execución das obras comprendidas nos proxectos redactados polo Enxeñeiro Municipal de “Mellora de capa de rodaxe en rúa Saíñas (San Salvador), dotación de servizos e pavimentación rúa Igrexa (Raxó), saneamento e abastecemento en rúa Lameiriña (Raxó) e dotación de servizos e pavimentación en rúa Lameiriña (Raxó)”.

TIPO DE LICITACIÓN

Importe total: 488.530,49 € (IVE engadido).

- Mellora da capa de rodaxe en rúa Saíñas (San Salvador): 47.344,32 €.
- Dotación de servizos e pavimentación rúa Igrexa (Raxó): 85.168,89 €.
- Saneamento e abastecemento en rúa Lameiriña (Raxó): 192.442,51 €.
- Dotación de servizos e pavimentación en rúa Lameiriña: 163.574,77 €.

GARANTÍA

Definitiva por importe do 4% do prezo do contrato.

PRAZO DE EXECUCIÓN

8 meses.

PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN

Poderán presentarse no rexistro xeral do concello, de 9 a 13,00 horas, dentro do prazo de 26 días naturais contados desde o seguinte ó da publicación do anuncio de licitación no BOP ou no DOG.

APERTURA DE PROPOSICIÓN

Na casa do concello ás 13,30 horas do quinto día hábil posterior ao de remate do prazo de presentación (agás sábados).

INFORMACIÓN

Departamento de Contratación, teléfono: 986 77 00 38. e fax: 986 77 12 77.

GASTOS

Por conta do adxudicatario, estipulados na cláusula 20ª.

Poio, 27 de setembro de 2006.—O Alcalde, Luciano Sobral Fernández. **2006009253**

A N U N C I O

A Xunta Local de Goberno na sesión realizada o día 25 de setembro de 2006, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

3273.—OFICINA TÉCNICA-VIAS E OBRAS,
“FERNÁNDEZ GONDAR Y C.Y.P”,PROXECTO
DE APERTURA E URBANIZACIÓN DE RÚAS
EN TRAMO URBANO DOPOLÍGONO 7
DE SAN SALVALDOR

Dáse conta do expediente tramitado e do proxecto presentado por dito promotor, que foi aprobado inicialmente por acordo da Xunta de Goberno Local, núm. 2874, do 5 de xuño de 2006, e cuxo